

PROPOSTA PARA O ALUMNADO DE 3 ANOS (4º DE EDUCACIÓN INFANTIL)

Para os máis pequenos (3 anos), dende o **CPI Virxe da Cela de Monfero**, propoñemos este **xogo de grafomotricidade**, con material que adoitamos ter pola casa, e que podemos utilizar para traballar conceptos de **Lóxica-matemática** ou **Lecto-escritura**.

Necesitades unha bandexa ou recipiente baixo, no que podedes botar **area, fariña, pan relado, sal, azucre** ou materiais **similares**, que permitan ver a silueta do número ou da letra que esteades traballando. Non esquezades explicar antes **onde** comezamos a escribir, e cal é a **direccionalidade** correcta para escribilo.

Adaptade as propostas ao **nivel evolutivo** do alumnado, facendo números ou letras que xa coñezan, e tamén algunhas novas. Sería perfecto que a aprendizaxe fora **significativa**, e que o **número** que traballedes vaia acompañado de tantos **elementos** como indica o mesmo, ou que a letra estea relacionada coa primeira inicial dalgunha palabra en concreto.

Tamén podedes realizar **trazos** (ondulados, triangulares, circulares) creando primeiro modelos sobre o papel, para que logo o representen na bandexa. Non esquezades que deben facelo **sempre, de esquerda a dereita**, na dirección na que lemos e escribimos!!



Pero, tamén podemos deixar que voe a súa **imaxinación**, e traballar a **creatividade** a través da **Arte**, deixando que fagan debuxos libremente e engadindo outros elementos coma **pedras, flores, ramas, tapóns...** Deixovos algún exemplo, pero a idea é botarlle imaxinación có que temos no noso contorno máis próximo!!



Peeero!!! Tamén podeades aproveitar, e crear un **minimundo** e poñer en práctica un aspecto moi importante nesta etapa educativa, que é o **xogo simbólico**. Seguro que tedes pola casa animais, dinosauros, legos ou xoguetes similares, que podeades utilizar para crear o voso propio minimundo. Botádelle a máxima imaxinación. Aquí deixo algúns exemplos. E esperamos os vosos no apartado de comentarios.



Esta obra ten unha licenza Creative commons

<https://creativecommons.org/licenses/by-nc-sa/4.0/>

María Sandra Ocampo Lagoa